



PROCEDIMENTO DO PLANO DE ACCIÓN TITORIAL DA FACULDADE DE SOCIOLOXÍA 2020/2021

(Aprobado o 3 de novembro de 2020, na sesións ordinarias da Comisión Académico-
Docente, de Relacións Internacionais e Garantía de Calidade e da Xunta de Facultade)

Centro:	FACULDADE DE SOCIOLOXÍA
Titulacións:	<ul style="list-style-type: none"> • Grao en Socioloxía • Máster universitario en políticas sociais e intervención sociocomunitaria • Máster universitario en planificación e xestión de destinos e produtos turísticos

CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE DE NECESIDADES

No proceso de adaptación da Universidade española ao Espazo Europeo de Educación Superior acórdase que a función titorial ocupe unha posición preeminente para poder afondar adecuadamente na transmisión do coñecemento, funcionando ésta como ferramenta cruce no desenvolvemento académico e profesional do estudantado a través do deseño e a determinación dos obxectivos persoais de cada estudante (Fernández, 2008). Esta transformación supón o abandono do modelo académico eficientista, centrado no profesorado e caracterizado por unha gobernanza xerárquica. A Universidade actual caracterízase por unha paradoxal contradición entre a tradición e a innovación (Hípola e Río, 2005), na que o ensino centrado no docente e cunha concepción do coñecemento pechada, deu paso a unha nova realidade na que existe un compromiso crecente pola recuperación do carácter humanístico do ensino superior, o seu papel social e o seu compromiso na construción dun mundo xusto. Para iso é necesario formar ao alumnado desde unha perspectiva crítica e centrada na súa titorización, reivindicando un modelo de ensino-aprendizaxe máis aberto á diversidade (Torrego e Ruiz, 2011).

O Plano de Acción Titorial en colaboración coa coordinación das titulacións, debe capacitar ao alumnado a alcanzar os seus obxectivos académicos e profesionais a través da orientación (Fernández e Medialdea, 2013). A titoría, burocrática, académica ou de asesoramento é una función constante en toda actividade docente (Lázaro, 2002). Entre os roles e funcións que a titorización desempeña, o máis importante, e ao mesmo tempo o máis complexo, é a adaptación ás características do alumnado, por iso require dun arduo traballo por parte do



persoal docente e encargado da xestión do Centro, orientado a coñecer as necesidades dos seus estudantes para poder xerar unha contorna de aprendizaxe que fomente o desenvolvemento comunitario (Sanz et al., 2009).

A orientación a través da titorización debe contribuír ao desenvolvemento de competencias e habilidades relacionadas coa resolución de conflitos, o autoconñecemento, a responsabilidade, a empatía, o liderazgo, o desenvolvemento da capacidade de reflexión, etc. (González e Pedro, 2013).

Nos últimos anos aumentou considerablemente o número de estudantes das diferentes titulacións da Facultade de Socioloxía, ao mesmo tempo que variou a composición do persoal docente e investigador neste centro. Esta nova conxuntura afecta tanto ás labores de xestión do centro, como ao desenvolvemento dos plans de estudos e a titorización do alumnado. Tras a revisións dos proxectos de PAT de anos anteriores, identificouse a necesidade dunha labor conxunta entre o Plano de Acción Titorial, a Coordinación das titulacións e a Dirección do centro, nun sistema de xestión integrado. Con esta iniciativa perséguese a consolidación dunha nova cultura titorial que evite o solapamento das accións docentes e de titorización realizadas desde a facultade, á vez que se garanta unha maior implicación e participación activa de todas as actrices e actores que forman parte da comunidade universitaria: equipo de dirección, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, alumnado e servizos centrais.

Tratase dun **SISTEMA DE COORDINACIÓN TITORIAL**, horizontal e vertical, que permitirá canalizar as demandas do alumnado e facilitar a relación coa sociedade e o mercado laboral. O PAT actual da Facultade de Socioloxía, deriva do proxecto piloto aprobado en Xunta de Facultade o 26 de outubro de 2018 e que se implantou no curso 2018/19. Esta iniciativa confía nun ensino centrado na aprendizaxe participativa e na adquisición de competencias propias e transversais da socioloxía asumindo a docencia, a xestión e a titorización como unha responsabilidade compartida. Conta coa colaboración de todas as persoas con funcións de coordinación no Centro (coordinación das titulacións de grao e másteres, coordinación da mobilidade, Prácticum, TFGs e coordinadores de curso no caso do grao) e cando é preciso do persoal de Administración (PAS), os diferentes servizos da Universidade (CUFIE, OIX, ADI, UDC Saudable, Xerencia, entre outros), así como outros órganos da Facultade.

O PAT da Facultade de Socioloxía baséase nun sistema no que flúe a información en todas as direccións e cunhas funcións claras. Para iso conta con profesores/as e alumnos/as que levan a cabo accións de mediación entre o estudantado e a coordinación titorial, e que serven de correa transmisora co servizo correspondente e coa dirección do Centro. O plan inclúe, entre as súas actividades titorías colectivas, obradoiros e sesións formativos e informativos, xornada de



acollida para o estudiantado de novo ingreso e diferentes canles de comunicación e intercambio de información entre toda a comunidade implicada.

A eficacia deste sistema de xestión avalíase mediante ferramentas de análise cuantitativas e cualitativas, a través dun grupo de traballo específico e na "Comisión Académica, Docente de Relacións Internacionais e de Garantía de Calidade" do Centro.

En definitiva, o bo funcionamento do Centro e o éxito da traxectoria académica do noso alumnado son realidades dependentes que requiren dunha estratexia de compromiso compartido da que parte este proxecto.

Desde o ano 2015, a Facultade de Socioloxía da UDC experimentou importantes cambios. Por unha banda, a composición do Persoal Docente e Investigador variou, houbo modificacións entre o Persoal de Administración e Servizo ao que se lle suma un importante incremento no volume de estudantes matriculados. No curso 2020/21, contamos con 399 alumnos/as no Grao en Socioloxía, incluíndo aos estudantes de mobilidade entrantes, así como as persoas matriculadas no recen implantado Grao Aberto en Ciencias Sociais. No presente proxecto incorpóranse de forma activa outras titulacións do centro, como son o Máster en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos que conta con 69 estudantes; e o Máster en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria, que engade un total de 73 alumnos/as ao PAT.

Na memoria de verificación do grao (2014:8) e na súa revisión (2016:11), contéplase a necesaria modificación da normativa do Plano de Acción Titorial, que permita adaptar o Plano ás novas demandas detectadas. É por este motivo polo que se propuxo a súa revisión, mantendo os axentes que forman parte del e os obxectivos para os que foi creado e reformulando a súa organización de cara a facilitar o seu funcionamento adaptado ao volume de actual de estudantes. No punto 2.1. "Plans de mellora de obrigado cumprimento" do Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación, a ACSUG propón a realización dun "Esforzo na titorización do alumnado de 1º curso de grao". Esta medida derivada do punto débil detectado na taxa de abandono di que "O título conta xa cun PAT, no cal se debe realizar un maior esforzo na titorización dos alumnos/as de 1º para evitar o abandono". Desde o Centro realizáronse unha serie de reaxustes e introducíronse novas figuras para complementar a titorización. Innda que esta recomendación non se recolle no Informe Final da avaliación para a renovación da acreditación (xullo de 2020) das dúas titulacións de máster do Centro, considérase oportuno dende a Comisión Académico-Docente, RRII e Garantía de Calidade, incorporar os estudos de posgrao no proxecto do PAT da Facultade de Socioloxía.

Pero ao marxe da procura de mellora dos indicadores das distintas titulacións, como un dos obxectivos do proxecto, atopámonos cunha conxuntura ben diferente, ocasionada pola



situación de emerxencia por razóns de saúde pública derivadas do COVID-19. No segundo cuadrimestre do curso 2019/20, durante o período de confinamento, o PAT foi un importante elemento de apoio para o centro e para a coordinación das titulacións, no só á hora de organizar a docencia non presencial, senón sobre todo para a localización e apoio ao alumando con dificultades para o seguimento das materias, pero tamén en situacións de vulnerabilidade, coa intención de diminuír as múltiples desigualdades ocasionadas pola situación sanitaria e a non presencialidade na docencia.

Dende a propia UDC, recoñécese a importancia destes proxectos de titorización nos centros, e no documento de Orientacións para a programación da actividade docente do curso 20/21, sinala a *importancia de potenciar a comunicación co alumnado a través deste sistema co fin de minimizar e xestionar o risco de fracaso e abandono do estudiantado e garantir a adquisición de competencias e resultados de aprendizaxe*. Polo que seguindo esta suxestión e a partir da experiencia do curso pasado, revísase e adaptase o procedemento para o presente curso, tal e como se recolle nas seguintes páxinas.

METAS E OBXECTIVOS

Como se comentou no apartado anterior o procedemento que aquí se recolle foi resultado da revisión e adaptación do posto en marcha no curso 18/19, que anualmente se analiza no Grupo de Traballo de Traballo de Coordinación Titorial e as suxestións de cambio son debatidas na Comisión Académica- Docente de Relacións Internacionais e Garantía de Calidade. As propostas resultantes destas reunións, darán forma ao proxecto do PAT do ano vixente, que foi aprobado o 3 de novembro de 2020 pola citada comisión e en sesión ordinaria de Xunta de Facultade.

OBXECTIVOS DO PLANO DE ACCIÓN TITORIAL

O PAT persegue os mesmos obxectivos que impulsaron a seu xerminación, pero con algunhas modificacións e inclusións de cara a responder ás necesidades actuais, polo que debe:

- **Fomentar a colaboración entre a Coordinación Horizontal (dependente da dirección do Centro, da Coordinación do Grao e os Másteres) e o PAT.**
- Desenvolver unha serie de actividades que sustenten a relación entre o profesorado con responsabilidades de xestión e coordinación e o alumnado, conformando unha “cultura titorial” sustentable no tempo.
- Promover que a institucionalización das seguintes figuras repercuta nun maior dinamismo na vida da Facultade:
 - Coordinador de título (grao e másteres)



- Coordinador/a de curso (grao),
- profesor/a-titor/a (grao e másteres)
- alumno/a-mentores (grao)
- Delegadas/os de curso (grao e másteres)

En concreto, preténdese que se reflicta nunha elevada participación da comunidade académica en todos os ámbitos de funcionamento do centro.

- Promover que a comunicación entre todas as figuras mencionadas, constitúan unha vía: (1) de promoción e orientación profesional para o alumnado, e (2) de actualización sobre demandas e necesidades das/os estudantes universitarias/os para o profesorado e o centro.
- Dar a coñecer ao alumnado os servizos non só do centro, senón tamén da universidade ou axentes externos con convenio de colaboración coa universidade.
- Informar ao estudiantado, dos recursos e axudas a súa disposición (centro, UDC outros organismos).
- Facilitar a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimentan dificultades ou barreiras externas a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Potenciar accións específicas, relacionadas co principio de igualdade.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e deberes do estudiantado.
- Promover a responsabilidade social como parte da sustentabilidade (o PAT, forma parte do Comité Green Campus da Facultade de Socioloxía)
- Trasladar as demandas e necesidades dos/as obxectivas dos estudantes cando corresponda, aos servizos ou órganos correspondentes.
- Recibir información por parte do centro sobre as cuestións que afectan aos estudantes.
- Detectar as problemáticas relacionadas co COVID-19, e derivalas aos servizos competentes cando for necesario.



ORGANIGRAMA E ESTRUTURA ORGANIZATIVA

A **DIRECCIÓN DO CENTRO** apoia o desenvolvemento do Plan, proporcionando as infraestruturas e recursos necesarios. Dende os órganos de goberno, tanto a Xunta de Facultade como as comisións do centro implicaranse no funcionamento do PAT, con dúas intencións: facer propostas e atender as demandas e necesidades do alumnado.



Figuras implicadas no Plano de Acción Titorial:

A **COORDINACIÓN DO PAT**. Será responsabilidade dun PDI da Facultade de Socioloxía, proposto pola dirección e aprobado en Xunta de Facultade. O cargo renovarase a proposta do/a decano/a, e a súa actividade depende do Vicedecanato de Calidade

No proxecto vixente para o curso 2020/21, será a propia vicedecana de calidade quen asuma as funcións de coordinación do Plano de Acción Titorial, por varios motivos, entre os que destacan:

- O vicedecanato de calidade ten un maior información sobre a xestión do centro e forma parte dos órganos de goberno.



- O vicedecanato de calidade coñece a estrutura e necesidades de cada unha das titulacións da Facultade de Socioloxía.
- A partir, tanto dos resultados como das demandas obtidas a través das diferentes ferramentas do PAT, poderanse elaborar plans de actuación e mellora que repercutan na calidade do centro.
- A Coordinación do PAT, traballará de maneira conxunta coa coordinación das titulacións, tanto no deseño do sistema como nas actividades derivadas deste.

A dirección do Centro determina que a coordinadora do PAT, asuma as seguintes funcións:

- Actualizar e deseñar o documento do Plano de Acción Titorial, tendo en conta a análise da súa evolución en cursos previos (contando coas achegas do GTCT)
- Presentar o PAT á Comunidade universitaria da Facultade. Difundir o PAT entre o profesorado e alumnado, a través de diferentes canles.
- Abrir unha convocatoria dirixida aos docentes que desexen ser profesores-titores.
- Abrir unha convocatoria dirixida aos alumnos de cuarto curso do Grao de Socioloxía que desexen ser alumnos/as mentores/as.
- Acoller ao alumnado de novo ingreso, do grao e os másteres, informando sobre o PAT e o seu funcionamento.
- Dinamizar e apoiar as actividades derivadas do PAT.
- Impulsar o recoñecemento da acción titorial, e o labor do profesorado coordinador, titor e do alumnado-mentor (grao).
- Realizar e colaborar nos procesos de avaliación do PAT de acordo coa proposta do CUFIE.
- Proporcionar as enquisas en relación co PAT, deseñadas polo CUFIE, aos Coordinadores de curso e das titulacións de máster.
- Xestionar encontros co profesorado implicados no PAT: coordinadores das titulacións (máster), coordinadores de curso (grao), profesores-titores.
- Xestionar encontros cos alumnos implicados no PAT: alumnos-titores.
- Responsabilizarse do seguimento e avaliación do PAT.

Os/as **COORDINADORES DAS TITULACIÓNS** (grao e másteres). O funcionamento das titulacións depende en boa medida dunha nova cultura universitaria que fortalece o ensino centrado na aprendizaxe e a adquisición de competencias propias, que asume a docencia como unha responsabilidade compartida que require de funcións de coordinación vertical e horizontal. Ademais das funcións atribuídas pola UDC, e os centros ás persoas que coordinan a titulación, a continuación se recollen as tarefas concretas a desenvolver neste Sistema de Coordinación Titorial:

- Colaborar no deseño e desenvolvemento das Xornadas de Acollida do alumnado de novo ingreso, de orientación laboral, ou doutras temáticas orientadas ao alumnado das



diferentes titulacións.

- Mediar nos conflitos que poidan xurdir sobre o desenvolvemento das materias da titulación contando co respaldo do equipo de dirección do centro
- Atender ao funcionamento do plan de estudos e deseñar iniciativas de mellora a través do contacto co alumnado o e o profesorado articulando mecanismos e actividades que fomenten a docencia de calidade.
- Organizar e presidir as reunións cuadrimestrais de coordinación horizontal. Remitir á coordinación do PAT as actas das reunións.
- Canalizar o proceso de recollida dos resultados das enquisas de calidade cumprimentadas polo alumnado.
- Formar parte do Grupo de Traballo de Coordinación Titorial da titulación que lle corresponda, e da Comisión Académica-Docente, de RRII e de Garantía de Calidade do Centro.

No caso específico dos Másteres, os/as coordinares/as das titulacións de posgrao asumirán tamén as mesmas tarefas que corresponden aos coordinadores de curso e que se recollen a continuación.

Os/as **COORDINADORES/AS DE CURSO (grao)**¹ ou Profesores/as Coordinadores/as.

No caso dos coordinadores de curso do grao en Socioloxía o seu nomeamento corresponde ao Decanato, e serán anunciados e aprobados en Xunta de Facultade. O cargo renovarase a proposta do/a decano/a. No caso dos mestrados realizarán esta labor directamente os responsables das titulacións.

Terán un papel relevante na implementación do PAT. Á marxe dos labores definidos desde a Coordinación do Grao, as súas funcións dentro do Plano de Acción Titorial serán:

- **Atención ao estudiantado, recepción das demandas, que serán derivadas á figura do PAT ou servizo do centro ou a universidade que se considere oportuno.**
- Levar a cabo as titorías colectivas, establecidas desde o Grupo de Traballo de Coordinación Titorial.
- Participar nas reunións de Coordinación, ao final de cada cuadrimestre.
- Xestionar as reunións cos axentes implicados na titorización no curso que lle corresponda: profesores-titores, alumnos-mentores e delegados de curso.
- Recepcionar as enquisas proporcionadas pola Coordinación do PAT e difundilas entre o alumnado do curso do que é coordinador.
- Realizar un informe sobre o funcionamento e seguimento do PAT correspondente ao curso do que sexa coordinador.

¹ No caso dos mestrados, no presente curso 2020/21 serán a coordinación das titulacións a que asuma estas funcións.



Os/as **PROFESORES/AS-TITORES/AS**. O profesorado con docencia na Facultade de Socioloxía, poderá ser titor/a. Trátase dunha actividade de carácter optativo pero que conta con prestacións para os docentes: mérito recoñecido no programa Docentia, prioridade na asistencia a cursos organizados polo CUFIE, certificados, etc. Elaborarase unha listaxe de titores para cada titulación.

O seu papel consiste en guiar e informar ao alumnado en aspectos máis individuais relativos á traxectoria académica, profesional e persoal, xa que os xenerais ou comúns a todo o estudantado, serán abordados desde a coordinación do curso, e recóllense nas directrices xerais do PAT proporcionadas polo CUFIE. Serán funcións do profesor-titor:

- Acoller na UDC dun modo máis persoal a cada estudante.
- Orientar académica e profesionalmente a cada estudante.
- Acompañar-guiar ao alumnado no proceso de aprendizaxe.
- Mediar nas relacións problemáticas que eventualmente xurdan entre estudantes e profesores.
- Axudar no ámbito persoal, sempre que sexa necesario, e o problema pódase abordar ou remitilo a outros servizos se fose necesario.

Procedemento de asignación de titores/as: Os/as alumnos/as que precisen de titorías personalizadas poderán dirixir a súa solicitude de servizo de titorización á coordinación do curso no que estean matriculados con maior número de créditos no caso do grao ou ao coordinador do título no caso dos másteres, e este será quen asigne da listaxe de titores dispoñibles, o que mellor encaixe co tipo de demanda e o perfil do estudante.

TITORES/AS ESPECÍFICOS

- Os/as estudantes de mobilidade contarán cun titor/a específico, destinado ao asesoramento do alumnado de intercambio. Esta labor será desempeñada pola vicedecana responsable.
- O estudantado do Grao Aberto en Ciencias Sociais, matriculado en materias de socioloxía, contará coa titorización por parte da coordinadora deste Grao na Facultade de Socioloxía.
- No caso de alumnado de Atención a Diversidade, coa intención de normalizar a súa situación, e non ser identificados polo resto do alumnado non haberá un titor/a específico de ADI. O PAT contará cunha responsable de Atención a Diversidade do centro, que actuará como guía e interlocutora co servizo de Atención á diversidade do CUFIE da UDC. No caso de que o/a alumno/a con necesidades específicas solicite titorización, farase seguindo as directrices habituais. As persoas que titoricen alumnado de ADI terán o apoio e asesoramento necesario por parte da responsable do ADI no centro (coordinadora do PAT) e do servizo de ADI da UDC. Desta forma implicase a



todo o profesorado participante no PAT, nas demandas do alumnado do tipo que sexan.

- No caso de contar con “deportistas de alto nivel”, se procederá de igual forma que no caso anterior, facilitando por parte da Coordinación do PAT e do CUFIE a información ao respecto.
- No curso 20/21, vincúlase ao PAT a figura de Representante de Igualdade nomeada pola Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) da UDC, que do mesmo xeito que co alumnado de ADI, actuará de asesora e intermediaria co servizo correspondente, neste caso a OIX ou a Secretaría Xeral, segundo sexa a demanda. Neste caso o sistema de titorización é o mesmo que o recollido para o PAT en xeral, co fin de gardar a confidencialidade do/a alumno/a, non se contará cun titor/a específico.

A responsable da ADI e de Igualdade do centro, será a propia coordinadora do Plano de Acción Titorial.

ALUMNOS/AS-MENTORES/AS

Seguindo as indicacións do CUFIE esta figura é exclusiva para as titulacións de grao. O procedemento de actuación será similar ao da coordinación de curso, aínda que con protocolos máis simplificados. Os estudantes poden acudir directamente a esta figura sen intermediación do coordinador de curso.

- Actuarán como alumnos/as-titores/as os estudantes de cuarto curso que así o desexen.
- Recibirán formación e información por parte da Coordinación do PAT, ou de outros servizos da UDC.
- Servirán de referente ao alumnado e orientarán sobre diferentes aspectos da vida universitaria
- Poderán ser proactivos/as, xestionando de forma autónoma as reunións.
- Participarán activamente nas Xornadas de Acolida (Semana 1).
- Participarán en actividades de promoción do grao propostas desde o decanato
- Informarán a coordinación do PAT sobre as súas actuacións en cada cuadrimestre.

Desde a coordinación do PAT, establecerase un sistema de avaliación desta figura e do seu funcionamento. Esta actividade ofrece prestacións para o alumnado, recollidas polo CUFIE: créditos de libre elección, prioridade de asistencia a cursos, certificado de participación, etc. A coordinación do PAT fará pública a listaxe de alumnos/as- mentores/as e comunicarlalla ao CUFIE.

Asignación de alumnos/as-mentores/as: Non se realizará un reparto desde a coordinación do curso, senón que se fará pública a listaxe. Proporcionarase a dirección de correo electrónico da UDC do alumnado que realice tarefas de mentoría, para que o resto de alumnado poida



dirixirse a quen considere en función do tipo de consulta.

Á marxe desta función vinculada ao PAT, os/as **DELEGADOS/AS** DE GRUPO no caso do Grao ou de CURSO/ESPECIALIDADE no dos Mestrados, desenvolverán o seu labor de interlocución entre os seus compañeiros e a coordinación de curso e desempeñarán as seguintes funcións:

- Serán os interlocutores entre os seus compañeiros e a coordinación de curso ou o máster, tamén poderán ser canle de comunicación cos representantes do alumnado.
- Participarán activamente nas titorías colectivas e nas reunións de coordinación.
- Dinamizarán e difundirán as actividades organizadas desde a coordinación docente (xornadas, titorías colectivas) e outras actividades realizadas no marco do PAT.
- Dinamizarán e difundirán a información remitida dende o centro, nas súas propias canles de comunicación.

O número de delegados por curso corresponderase co número de grupos interactivos existentes no caso do grao, ou co número de cursos ou especializadas no dos mestrados.

O sistema de elección será o promovido polos propios/as alumnos/as e calquera alumno/a matriculado pode presentarse como candidato/a. Os nomes dos delegados elixidos serán comunicados á coordinación do curso, que á súa vez o transmitirá á Coordinación do Grao en Socioloxía e no caso dos másteres á coordinación da titulación, esta información será remitida a persoa responsable do PAT no centro.

Esta figura non debe confundirse cos representantes do alumnado nos órganos de goberno da UDC. Ambas, son en todo caso, compatibles. A existencia desta figura desde os inicios do PAT da Facultade de Socioloxía garante que todos os grupos dos diferentes cursos do grao teñan representación.

Inda que os/as **REPRESENTANTES DO ALUMNADO**, non son unha figura específica do PAT, contarase coa súa participación e apoio, nos seguintes termos:

- O PAT, fará pública a listaxe de representantes/as, indicando a súa distribución nas seguintes comisións do centro.
- Os/as representantes serán convidados ás reunións de coordinación de final de cuatrimestre e participarán no Grupo de Traballo de Coordinación Titorial
- Forman parte da Equipa de Teams, do Sistema de Coordinación Titorial
- Poderán trasladar aos responsables de coordinación (curso, titulación ou PAT) as demandas do alumnado



Á marxe das figuras ou axentes cos que conta o PAT, existen unha serie de ferramentas para a súa aplicación:

TITORÍAS INDIVIDUAIS. As titorías serán a demanda do alumnado, previa concertación de cita, co profesor/a-titor/a escollido ou con aquelas persoas responsables de temas específicos (mobilidade, ADI, igualdade, etc...)

TITORÍAS COLECTIVAS

- As titorías colectivas, serán destinadas exclusivamente a abordar temas relativos á vida no centro. Os temas a abordar e a súa periodicidade serán propostos polo GTCT e comunicado polo Coordinador das titulacións e do PAT. Tamén será o espazo no que se apliquen as enquisas do SIGC e as elaboradas polo propio centro.
- Deben ser difundidas polos delegados de cada curso e os coordinadores.
- Procurarase a participación do alumnado.

REUNIÓN DE COORDINACIÓN. Ao final de cada cuadrimestre, haberá unha posta en común do transcurso do cuadrimestre, do que formarán parte as figuras do PAT, incluídos os representantes do alumnado. A acta desta xuntanza, responsabilidade da Coordinación da Titulación correspondente, será trasladada á Dirección do Centro. E os aspectos que se contemplan, no caso de ser oportuno serán trasladados ás comisións do centro que correspondan.

SESIÓNS E OBRADOIROS FORMATIVOS E INFORMATIVOS . Á marxe das titorías colectivas levarán a cabo sesións informativas e formativas sobre temas de interese para o alumnado.

- Tratarán diferentes temas de interese para o alumnado segundo a titulación e o curso.
- O contido e a súa periodicidade será definido desde o GTCT.
- Incorporaranse actividades paralelas que se están desenvolvendo no centro (Xornadas de Prácticum, TFG, Curso biblioteca, Mobilidade).
- Deben ser difundidas polos/as delegados/as de cada curso, os coordinadores, os alumnos/as-mentores/as (grao) e os profesores/as-titores/as.
- A súa realización será responsabilidade do Coordinador do PAT, e do profesorado, PAS ou alumnado implicado, en función da temática.
- Durante o curso 2020/21, terán o nome de "Pílulas informativas do PAT" e se levarán a cabo por medios telemáticos.

SEMANA "1" (SEMANA DE ACOLLIDA). Trátase dunha ampliación das "Xornadas de Acollida", na que se informará de maneira global e exhaustiva ao alumnado de novo ingreso de todas as titulacións, os primeiros días da súa chegada ao centro. A súa organización depende da Coordinación das titulacións. Ademais das responsables da xestión do centro, convidarase a



outros servicios implicados no funcionamento da facultade e as titulacións, así como os diferentes recursos de atención ao alumnado (tanto da UDC como externos). A benvida ao alumnado de novo ingreso farase de maneira presencial en todas as titulacións. No presente curso dedicarase unha sesión específica á informar sobre as medidas extraordinarias de organización docente, hixiene e prevención por mor do COVID-19.

CRONOGRAMA DO PAT

Crearase un calendario combinando as actividades do PAT con outras derivadas da Coordinación Horizontal do centro. A proposta de cronograma, así como cada un dos fitos que se deban levar a cabo, será deseñada pola Coordinación do PAT e do Grao, para a súa proposta ao Grupo de Traballo de Coordinación Titorial.

ACTIVIDADE	PERÍODO	AXENTES IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO
Nomeamento dos/as Coordinadores de curso	Antes de iniciar o período lectivo (pode modificarse ao longo do curso)	Decanato da Facultade de Socioloxía (aprobación en Xunta de Facultade)
Captación de profesores/as titores/as	Setembro-outubro	Coordinación do PAT
Renovación do profesorado que forma parte do PAT	Outubro	Coordinación do PAT, co visto e prace do decanato.
Semana 1 "Acollida"	Setembro (1ª semana de clase)	Coordinación das titulacións e Decanato da Facultade
Sesión de Benvida cos/as alumnos/as de intercambio entrantes	Setembro	Titira de Mobilidade
Titorías personalizadas cos/as alumnos/as de intercambio entrantes para a modificación dos acordos de estudos e outras dúbidas	Setembro/outubro	Titira de Mobilidade
Captación de alumnos/as-titores	Outubro	Coordinación do PAT, Coordinadores/as 4º curso, decanato
Preparación do lanzamento do PAT e cronograma de actividades. Reunión coordinadores de curso, do grao (e no caso dos mestrados das titulacións), e a coordinación do PAT	Outubro/novembro	Coordinación do PAT, e das titulacións



Lanzamento do PAT (sesión informativa para estudantes)	Outubro/novembro	Coordinación do PAT, das titulacións e Coordinadores de Curso no grao
Reunión cos alumnos/as mentores	Novembro	Coordinadora do PAT Coordinador do Grao Decana Vicedecana de calidade
Presentación dos alumnos/as mentores	Novembro	Coordinación PAT
Presentación do Programa de Intercambio para alumnos/as Saíntes	Decembro/xaneiro	Titora de Mobilidade
Titorías colectivas 1º e 2º curso nos diferentes cursos de grao e mestrados	Novembro-décembro Abril-maio	Coordinadores e delegados
Titoría colectiva cos alumnos solicitantes de intercambio (saíntes)	Marzo-abril	Titora de Mobilidade
Titorías personalizadas cos/as alumnos/as de intercambio saíntes para a elaboración dos acordos de estudos e outras dúbidas	Abril-xuño	Titora de Mobilidade
Avaliación da Semana de Acollida (alumnado de novo ingreso)	Novembro-décembro	Coordinadora de 1º curso, e das titulacións
Cuestionario de calidade (1º e 3º curso) e mestrados	Abril- maio	Coordinadores das titulacións e dos cursos correspondentes
Avaliación cualitativa do PAT e do Centro (en todos os cursos, durante as titorías colectivas)	Novembro/décembro Abril/maio	Coordinadores das titulacións e de curso no caso do grao
Sesión informativa sobre o TFG e Prácticas para os alumnos de cuarto curso de grao e de segundo curso dos mestrados	Xaneiro/febreiro	Coordinadora do TFG Coordinadores/as prácticas do Grao e Mestrados
Sesión informativa sobre a optatividade, TFG e Prácticum (alumnos/as 3º curso)	Maio	Coordinadora do Grao Coordinadora Curso Profesores das Materias Optativas Coordinación do TFG Coordinación do Prácticum
Sesión Informativa sobre saídas profesionais e Mestrados	Maio	Decanato Coordinación do Grao



(alumnos/as 4º curso)		Coordinación dos mestrados
Titorías individualizadas co alumnado demandante.	Durante todo o curso	Profesores/as titores/as Coordinadores das titulacións Coordinadores de curso Decana da Facultade Coordinadora do PAT
Titorías de mobilidade (alumnos/as entrantes e saíntes)	Durante todo o curso	Titora de Mobilidade
Reunións Alumnos/as Mentores/as co resto do alumnado	Durante todo o curso	Alumnos/as mentores/as
Actividades formativas informativas	Durante todo o curso	Decanato, Coordinación PAT e das titulacións do centro, servicios da UDC
Reunión do Grupo de Traballo de Coordinación-Titorial (Avaliación do PAT e propostas para o curso 2019/20)	Xuño-xullo	Coordinación PAT, Coordinación Grao, e Mestrados Vicedecanato de calidade Delegados/as
Valoración do PAT, os resultados do Grupo de Traballo e a proposta de Plans de Mellora	Xuño-Xullo	Dirección do Centro (Decana, Vicedecana de calidade e secretaria académica), a coordinación do PAT e a coordinación das titulacións. Na Comisión Académica-Docente, de RRII e de sistema de calidade
Cuestionario de valoración dirixido a os/as coordinadores/as de curso	Xullo	Coordinadora do PAT
Cuestionarios de valoración dirixidos a os/as alumnos/as mentores/as	Xullo	Coordinadora do PAT
Revisión final do PAT	Xullo	Comisión Académica-Docente, de Relacións Internacionais e de garantía de calidade
Elaboración da Memoria Final do PAT	Xullo	Coordinación PAT



FUNCIONAMENTO DO PAT: DEMANDAS DO ALUMNADO E RESOLUCIÓN DAS MESMAS

A equipa decanal, apoiará o desenvolvemento deste Plan, proporcionando non só as infraestruturas e recursos necesarios, senón tamén dando resposta ás consultas e peticións transmitidas polos responsables da coordinación titorial (coordinación do grao e do PAT). Este procedemento supón a clarificación para ou alumnado das **CANLES DE COMUNICACIÓN DÁS DEMANDAS**, e a quen dirixirse segundo sexa a súa necesidade.

A quen dirixirse?

- Demandas grupais: Os delegados/as de grupo ou curso deberá dirixilas ao coordinador do curso no caso do grao ou da titulación no caso do mestrado. A comunicación deberá facerse polas vías que indique cada coordinador. Preferiblemente por correo electrónico ou Teams.
- Demandas individuais: poderán transmitirse directamente ao coordinador/a do curso no caso do grao, o do título no caso dos másteres.

Como se recollen as demandas dos/as alumnos/as?

- A través das titorías colectivas (metodoloxía cualitativa).
- Enquisas (metodoloxía cuantitativa).
- Titorías individuais (no horario previsto pola persoas responsable da coordinación).
- Mediante correo electrónico o mensaxe do Teams aos coordinadores de Curso.
- Por parte dos delegados/as e representantes do alumnado, no Equipo do Teams habilitado para o PAT e a coordinación horizontal.

Actuacións da figura do/a coordinador/a en función do tipo de demanda:

- Solicitude de información sobre normativa académica: dar resposta ao alumnado ou remitilo ao servizo correspondente
- Dificultades para o seguimento da docencia: actuar directamente xunto coa coordinación da titulación.
- Conflitos co profesorado: Se a normativa o require, actuar de mediador xunto ao responsable da titulación
- Conflitos entre o alumnado: actuar de mediador se procede.
- Demanda de información doutros servizos da UDC: responder directamente, ou consultar coa coordinación do PAT.
- Demandas de formación e realización de actividades culturais: remitir a coordinación das titulacións.
- Demandas de titor/a: resolver directamente, procurando ao alumno esta figura de entre o profesorado da listaxe de titores.



Demandas específicas do alumnado:

- Demandas do alumnado de intercambio (entrante e saínte): remitir directamente a persoa responsable de mobilidade.
- Demanda de alumnado con necesidades específicas (ADI): remitir directamente á persoa responsable.
- Demandas relacionadas coa Igualdade: remitir directamente á persoa responsable no centro.
- Demandas do alumnado do Grao Aberto en Ciencias Sociais: remitir directamente á persoa responsable no centro.
- Demandas relacionadas cos procedementos de matrícula e administrativos: remitir directamente á UXAI (Secretaría de estudantes do centro).
- Demanda de información sobre o COVID: remitir directamente ao Punto de Información COVID-19 da Facultade de Socioloxía.

En canto ao **NIVEL DE ACTUACIÓN E INTERVENCIÓN**, a rapidez resposta dependerá do asunto a abordar, da súa complexidade e do órgano ou servizo de quen sexa competencia resolvelas ou a lo menos dar resposta.



No caso dos mestrados, cando di responsables "coordinacion de grao e curso", refírese a coordinación da titulación.

As demandas ou cuestións relacionadas co COVID-19, recibirán resposta de inmediato, dirixíndose ao Punto de Información específico na Facultade de Socioloxía: 881 014 802



VÍAS DE COMUNICACIÓN ENTRE O PAT E O ALUMNADO:

- A información difúndese a través das Redes Sociais oficiais da Facultade de Socioloxía (Facebook, Instagram, Twitter) e habilitouse unha canle en Telegram para asuntos relacionados co centro e o COVID-19.
- A páxina web da Facultade. Ademais da información recollida na pestana relativa ao Plano de Acción Titorial do centro, no apartado de “Novas” cólgase diariamente información dirixida aos/as estudantes de grao e máster.
- Aínda que desde o centro envíase información a través das listas de correo da UDC. Abríronse dous grupos de correo en Outlook sobre o PAT, un destinado a alumnado matriculado no grao e outro para os estudantes de posgrao.
- O PAT conta cun Equipo en Teams, do que forman parte: os coordinadores das titulacións, os coordinadores de curso no caso do grao, os/as delegados/as de grao e máster, o alumnado que realiza labores de mentoring, así como os representantes do alumnado. Neste equipo ademais de subir información, a coordinación do PAT resolve directamente as dúbidas expostas polo alumnado.
- O alumnado con cargo de representación, delegados/as e mentores/as, colaboran na difusión da información a través das súas propias canles.

SISTEMA DE AVALIACIÓN DO PAT: A IMPORTANCIA DO PROCESO

A Enquisa de Acolida. A Coordinación do PAT, xunto coa Coordinación das titulacións do centro, elaborará unha enquisa. A súa eficacia como metodoloxía de avaliación será valorada polo GTCT que pode propor a súa reformulación se o considera necesario.

Cuestionario de avaliación do PAT. No actual procedemento a súa recollida levará a cabo na última titoría colectiva do curso académico en todos os cursos. Este cuestionario tamén se revisará coa intención de completalo.

Avaliacións cualitativas. Ademais das enquisas tradicionais, as titorías colectivas servirán para avaliar cualitativamente o grao de satisfacción do/a estudantado, así como as súas demandas e necesidades

Informes. Recolleranse a modo de informe, as informacións recadadas nas titorías colectivas, e nas reunións de coordinación que serán remitidas á coordinación do PAT. Os profesores/as tutores/as e o alumnado mentor, remitirá á coordinación do PAT, de xeito anual ao rematar o curso, un informe sobre as accións levadas a cabo.



Avaliación anual do PAT. O Grupo de Traballo de Coordinación Titorial, reunirse anualmente para valorar: o sistema de avaliación do PAT, a súa eficacia e funcionamento, e propoñer de ser o caso modificacións e melloras.

O funcionamento do PAT será revisado e avaliado polo **GRUPO DE TRABALLO DE COORDINACIÓN TITORIAL (GTCT)**. A creación deste grupo de traballo persegue: a xeración e mantemento dunha "cultura titorial" ; evitar o solapamento das accións realizadas desde a coordinación horizontal do centro e a coordinación do PAT e unha maior implicación do profesorado na eficacia do PAT. Co fin de ser mais operativos, haberá un grupo de traballo por titulación.


No caso do Grao, serán membros natos: a coordinadora do PAT, o coordinador do título, os coordinadores dos catro cursos, os delegados de grupo por curso, e os representantes do alumnado do centro. No caso dos másteres, a composición será a que segue: a coordinadora do PAT, os/as coordinadores das titulacións, os delegados/as e os representantes do alumnado no centro.

As súas funcións serán as seguintes:

- Revisión dos resultados do PAT, presentados pola Coordinación do mesmo.
- Proposta de modificación ou renovación do Plano de Acción Titorial, se se considera oportuno, previa aprobación na Comisión de Calidade e ratificación en Xunta de Facultade.
- Estudo e elaboración dos contidos das actividades, coa intención de:
 - Non solapar as actividades promovidas pola Coordinación TFGs, Prácticum e prácticas extracurriculares, tratando de incorporalas ao cronograma do PAT.
 - Incorporar as propostas de interese para o alumnado
- Establecer sistemas de avaliación das diferentes figuras que forman parte do PAT, así como do procedemento, que deberán ser aplicadas polo Coordinador do PAT.
- O Grupo de Traballo poderá convidar de forma consultiva a outros actores implicados na vida do centro.
- O Grupo de Traballo, reunirse anualmente, unha vez finalizado o curso académico coa intención de observar a evolución do procedemento (fortalezas e debilidades) e preparar o Plano de Acción (cronograma de actividades e titorías) de cara ao curso seguinte ou reformular o presente procedemento de considerarse necesario.



Funci3ns do Grupo de Traballo de Coordinaci3n Titorial



As suxesti3ns e propostas de modificaci3n feitas por estes Grupos de Traballo en cada unha das titulaci3ns ser3n trasladadas 3 **COMISI3N ACAD3MICA-DOCENTE, DE RELACI3NS INTERNACIONAIS E DE GARANTÍA DE CALIDADE** da Facultade de Socioloxía, para a seu debate, reflexi3n e se proceder, aprobaci3n. Nesta comisi3n forman parte ademais da equipa decanal do centro, as persoas con cargos de xesti3n e coordinaci3n, as3 como unha representaci3n do PAS e o alumnado:

Composici3n da **CADRRIGC**:

- Decana da Facultade de Socioloxía (presidenta da comisi3n)
- Secretaria Acad3mica da Facultade de Socioloxía (Secretaria da comisi3n)
- Vogal coordinador de T3tulo: Grao en Socioloxía
- Vogal coordinadora de T3tulo: M3ster universitario en pol3ticas sociais e intervenci3n sociocomunitaria
- Vogal coordinador de t3tulo: M3ster universitario en planificaci3n e xesti3n de destinos e produtos tur3sticos
- Vogal coordinadora de t3tulo de M3ster en Socioloxía Aplicada (extinto) e coordinadora do segundo curso do grao en Socioloxía
- Vogal PDI: vicedecana responsable da mobilidade
- Vogal PDI: vicedecana responsable da Calidade e coordinadora do PAT
- Vogal PDI: profesora Responsable de Calidade e Convergencia e coordinadora do terceiro curso de grao.



- Vogal PDI: Directora do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación
- Vogal PDI: membro do equipo de Coordinación do Prácticum
- Vogal PDI: coordinador dos Traballos de Fin de Grao
- Vogal PDI: coordinador do programa de doutoramento
- 2 representantes do alumnado
- Vogal PAS: PAS de calidade
- Vogal PAS: administradora do centro

Os acordos tomados na comisión derivarán en plans de acción e mellora e no deseño do novo procedemento do Plano de Acción Titorial do seguinte curso, que deberá ser aprobado en **XUNTA DE FACULTADE**, na que tamén se recolleran as suxestións dos membros.

RECURSOS HUMANOS DO PAT

XERAIS DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA:

COORDINACIÓN DO PAT: Montserrat Golías Pérez (Vicedecana de Calidade)

RESPONSABLE DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E REPRESENTANTE DE IGUALDADE: Montserrat Golías Pérez

TITORA DE MOBILIDADE e do GRAO ABERTO EN CIENCIAS SOCIAIS: Matilde Massó Lago (Vicedecana de Mobilidade e Extensión Universitaria)

ESPECÍFICOS DAS TITULACIÓNS:

COORDINACIÓN DO GRAO EN SOCIOLOXÍA: Eleder Piñeiro Aguiar

COORDINADORES/AS DE CURSO NO GRAO EN SOCIOLOXÍA:

- Coordinador 1º curso: Carlos Diz Reboredo
- Coordinadora 2º curso: María del Carmen Rodríguez Rodríguez
- Coordinador 3º curso: Laura Suárez Grimalt
- Coordinadora 4º curso: Laura Román Masedo

COORDINACIÓN DO MESTRADO EN DESTINOS E PRODUCTOS TURÍSTICOS: Eduardo Guillén Solorzano

COORDINACIÓN DO MESTRADO EN POLÍTICAS SOCIAIS E INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA: Mónica Belén Fernández Suárez

PROFESORES/AS TITORES/AS: GRAO EN SOCIOLOXÍA

- Abalde Bastero Nazaret
- Andrade Suárez María José
- Calo García Estefanía
- Clemente Díaz Miguel Manuel
- Cortés Vázquez José Antonio



- Diz Reboredo Carlos
- Ferrín Pereira Mónica
- Golías Pérez Montserrat
- González Flores María
- Martínez Buján Raquel
- Massó Lago Matilde
- Mkrtychyan Artak
- Moré Corral Paloma
- Oso Casas Laura
- Otero Enríquez Raimundo
- Piñeiro Aguiar Eleder
- Rodríguez Rodríguez María del Carmen
- Rodríguez Teijeiro Ariadna
- Román Masedo Laura
- Santiago Gómez Elvira
- Souto García Andrea
- Suárez Grimalt Laura
- Pérez Caramés Antía
- Rodríguez Barcón Alberto

ALUMNOS/AS MENTORES/AS: GRAO EN SOCIOLOXÍA (Aberta durante todo o ano, listaxe en continua actualización dispoñible na web e no taboleiro da Facultade)

PROFESORES/AS TITORES/AS: MÁSTER UNIVERSITARIO EN PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE DESTINOS E PRODUTOS TURÍSTICOS

- Guillén Solórzano Eduardo

PROFESORES/AS TITORES/AS: MÁSTER POLÍTICAS SOCIAIS E INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA

- Ballesteros Pena Ana
- Depalma Úngaro Renee
- Fernández Suárez Mónica Belén
- Novo Corti, Isabel
- Picatoste Novo José María

Máis información na seguinte ligazón: [PÁXINA WEB DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA](#)